




ROBERTO VIDAL BOLAÑO INFANTIL

Autor, director e actor de teatro. Día das Letras Galegas 2013




Touporroutou da lúa e do sol



Catro titiriteiros cantan, axudados por dúas ducias de bonecos, historias sobre a orixe certa da lúa e do sol e dos días e das noites, do diluvio universal, de demos que se volveron serpes e de como, ao cabo, o mellor tesouro é o dos ensoños e non hai ningún outro de máis mérito no Universo Mundo.

Touporroutou da lúa e do sol




Touporroutou da lúa e do sol é un espectáculo de títeres que fala da orixe da Lúa e do Sol e do que aconteceu no inferno cando tiveron pingueiras por primeira vez, ou de como acertar cos tesouros e se poñer a ben coas fadas, cos mouros, cos xigantes ou coas serpes que os gardan.



ROBERTO VIDAL BOLAÑO INFANTIL

Autor, director e actor de teatro. Día das Letras Galegas 2013



Ruada das papas e do unto



Ruada das papas e o unto é un happening, un verdadeiro happening. Arte que irrumpe e interrompe o tráfico e a rutina da vida de rúa.

Xaxara, Peituda, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón, ou como trocar en rato pequeno o meirande xigantón



Reencontro coas características da farsa que máis validez mateñen de cara á creación dun espectáculo para nenos e non tan nenos, potenciando as súas posibilidades através da incorporación de elementos como as máscaras, os títeres, o son... que o achegan máis a un terreo no que o maxín xoga un papel importante. Antroido na rúa.